



INSTRUCCIÓN PARA FORMALIZAR A MATRÍCULA LIBRE

PRAZO DE MATRÍCULA

do 1 ao 24 de abril de 2009 (ambos incluídos)

HORARIO:

das 9:30 ás 13:30 horas; os martes e xoves tamén de 16:30 a 18:30 horas.

PASOS A SEGUIR PARA TODO O ALUMNADO:

1. Recoller os **IMPRESOS DE MATRÍCULA** na conserxaría.
2. Cubrir e reunir a **DOCUMENTACIÓN** requirida:
 - a. **Impreso de matrícula**, debidamente cuberto
 - b. **Fotocopia do DNI ou pasaporte**
 - c. **Fotocopia cotexada de documentación que acredite a primeira lingua estranxeira cursada no réxime ordinario no presente curso escolar** (só nos casos de alumnos menores de 16 anos)
 - d. **Folla de liquidación** de prezos públicos *
 - e. **Orixinal e copia do título de familia numerosa** (cando proceda)
 - f. **Certificado de exención de taxas** para os funcionarios da Consellaría de Educación expedido pola Delegación Provincial ou universidade da que dependan
3. Efectuar **O INGRESO DO IMPORTE DA MATRÍCULA** en calquera das entidades bancarias que figuran ao pé da folla de liquidación. É posible pagar a taxas a través de Internet. Por favor, consulten na folla de instrucións (Pagamento das taxas por internet) que se achega.
4. Entregar toda a documentación na secretaría para **FORMALIZAR A MATRÍCULA**.

ALUMNADO QUE SE MATRICULA POR PRIMEIRA VEZ NUNHA EOI:

Ademais de toda a documentación anterior, deberán presentar:

- g. **Sobre de matrícula**, debidamente cuberto
- h. **Carné da EOI**, debidamente cuberto
- i. **Dúas fotos tamaño carné** (unha pegada no carné da EOI e outra e con nome completo na parte posterior).

ALUMNADO PROCEDENTE DOUTRAS EOI (TRASLADO DE EXPEDIENTE):

Ademais da documentación anterior, deberán presentar unha **certificación académica** do seu centro de orixe.

ALUMNADO CON DISCAPACIDADE: Deberán cubrir o Anexo IX e achegar a documentación acreditativa.

*Notas: para cubrir a **FOLLA DE LIQUIDACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS:**

- Antes de proceder a cubrir os diferentes apartados, consulten a folla de instrucións de taxas (**TAXAS ALUMNOS/AS LIBRES 2009**) que se achega. Se, aínda así, teñen algunha dúbida, deberán aclarala na secretaría da EOI.
- Comproben ben os importes que van ingresar antes de acudir á entidade bancaria, xa que o centro non poderá efectuar ningunha devolución das cantidades incorrectamente ingresadas.

POLO BEN DE TODOS, É IMPORTANTE ACUDIR CON TODA A DOCUMENTACIÓN COMPLETA E CUBERTA